

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 4 de outubro de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
D^a. Olga Alonso Suárez

Na Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e vinte minutos do día catro de outubro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(927).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(928).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE VESTIARIO PARA O PERSOAL DO CONCELLO. EXPTE. 3494/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/09/16, dáse conta do informe-proposta asinado polo secretario da Mesa de Contratación con data 16/09/16, que di o seguinte:

A mesa de Contratación celebrada o 3 de agosto de 2016 acordou:

e) Procedemento aberto para a contratación da subministración de vestiario para o persoal do concello. (expediente 3494-440).

Comunicase en primeiro lugar polo Secretario da Mesa que consultado o servizo de Tesourería os licitadores non teñen de carácter Tributario co concello de Vigo, pero que

aínda esta pendente de emitir o correspondente certificado que se asinará esta mañá. A Mesa acorda continuar co tramitación e que se incorporen os certificados ao expediente.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da subministración de vestiario para o persoal do concello (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 23 de novembro de 2015, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación por procedemento aberto da subministración de vestiario para o persoal do concello (PCAP) e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.

Segundo.- En data 13 de maio de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“ Primeiro: tomar razón dos acordos da Mesa de Contratación, polos que se excluiron as ofertas presentadas por El Corte Inglés, S.A., para o lote 1, 2, e 4 , Peycar Pontevedra S.L. par os lotes 2, 3, 4 e 5 e Costa Oeste del Atántico, S.L., para os lotes 1, 2, e 3 por non cumprir as prendas ofertadas as características esixidas nos pregos e na lexislación vixente.

Segundo: Declarar desertos os lotes 2 e 3 por que as prendas ofertadas non cumpren as características esixidas no prego de prescricións técnicas.

“Terceiro- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no Procedemento aberto para a contratación da subministración de vestiario para o persoal do concello. (expediente 3494-440).” no seguinte orde decrecente para cada un dos lotes:

Lote 1: Peycar Pontevedra, S.L.: 100 puntos.

Lote 2: Costa Oeste del Atántico S.L.: 96 puntos.

Lote 3: Costa Oeste del Atántico S.L.: 99 puntos.

Cuarto.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes Peycar Pontevedra, S.L.e Costa Oeste del Atántico S.L, para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirir a aboamento de 252,59 a Peycar Pontevedra, S.L. e 505,17 euros a Costa Oeste del Atlántico S.L. en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Este acordo foi correxido por outro de Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 29 de xullo de 2016, no sentido de correxir o apartado 3, que fixa a orde de clasificación descendente dos licitadores, e onde di lote 2 debería dicir lote 4 e onde di lote 3, debería dicir lote 5.

Terceiro.- En data 18 de xullo de 2016, este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar, Peycar Pontevedra, S.L. presenta a documentación requirida en data 21 de xullo de 2016, e Costa Oeste del Atlántico S.L. o 28 de xullo de 2016, dentro do prazo concedido ó efecto.

Cuarto.- En data 3 de agosto de 2016, a Mesa de Contratación, procede a examinar tanto a documentación achegada como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º Adxudicar a Peycar Pontevedra, S.L. o lote 1 do procedemento aberto para a contratación da subministración de vestiario para o persoal do concello. (expediente 3494-440) por un prezo de 40.032,20 euros, todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2º Adxudicar a Costa Oeste del Atlántico, S.L. os lotes 4 e 5 do procedemento aberto para a contratación da subministración de vestiario para o persoal do concello. (expediente 3494-440) por uns prezos respectivos de 23.958,70 euros e 10748 euros, todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(929).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE VEGO SUPERMERCADOS S.A. SOBRE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN E EDUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL. EXPTE. 12120/306.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 30/09/16, dáse conta do informe-proposta do xefe de Medio Ambiente, da mesma data, conformado pola concelleira delegada da Área, que di o seguinte:

Antecedentes

1.- A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable en data do 14 de setembro de 2016, acordou inicialo procedemento administrativo para a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Vego Supermercados, S.A.U. tendente ao desenvolvemento de actividades dentro do programa municipal “Camiño a Camiño” e outras colaboracións en materia de sensibilización ambiental.

2.- O xefe do Servizo de Medio Ambiente redacta memoria xustificativa sobre o convenio de colaboración e redacta unha proposta de convenio.

3.- A entidade Vego Supermercados, S.A.U. achega escrito (doc.160130362) aceptando a proposta de convenio, achega certificacións de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa seguridade social. Consta, tamén, copia da escritura publica de opoderamento do representante legal da entidade.

Fundamentos de dereito

O Concello de Vigo, ao abeiro do establecido no artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo modificacións

introducidas por Lei 2/2013, de 27 de decembro, e nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., ten abribuído competencias no “medio ambiente urbano” e, tamén, na “ocupación do tempo de lecer”, fomento de hábitos de vida saudables.

A área municipal de Medio Ambiente, en virtude da resolución da alcaldía do 19 de xuño de 2015, exerce competencias en materia medioambiental, entre as que figuran, desenvolver programas e campañas de información, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, fomentar hábitos de vida saudables.

Neste sentido o obxecto do convenio e a colaboración entre a Administración municipal e a entidade Vego Supermercados, S.A.U., en actividades cuxo obxectivo é a protección do medio ambiente, especialmente, urbano e ocupación do tempo de lecer nestas actividades medioambientais.

En concreto, a referida entidade colabora co Concello de Vigo:

- Colaborar no programa municipal Camiño a Camiño asumindo a contratación e custe das sete rutas por Vigo e bisbarra, que se realizaran os días 9, 16, 23 e 30 de outubro, 6, 13 e 20 de novembro de 2016; das previstas no proxecto de actividades de sensibilización medioambiental con número de procedemento administrativo 12119/306 e trala súa aprobación pola Xunta de Goberno Local que tivo lugar en sesión do 16 de setembro de 2016, ata un importe máximo de quince mil (15.000,00) euros máis IVE, en colaboración co Concello de Vigo. Vego Supermercados, S.A.U. contratará e pagará directamente os servizos de monitorizaxe das referidas actividades ata o importe citado.

Na difusión, a iniciativa do Concello de Vigo, nas tendas de Vego Supermercados, S.A.U en Vigo de material promocional e de apoio do programa Camiño a Camiño.

Na xestión de residuos e reciclado dos consumidores.

Pola súa banda, o Concello obrigaríase a incluír o logotipo e nome da entidade mercantil nas accións divulgativas das actividades do programa “Camiño a Camiño” que desenvolva, tamén, en folletos ou calquera outra información de difusión pública do programa.

O obxecto deste convenio está excluído do ámbito de aplicación do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSF) ao abeiro do establecido no artigo 4.1.d) e habida conta que o Concello de Vigo non efectúa ningunha disposición dineraria en favor da referida entidade mercantil conveniente, tampouco cabe suxeitar este á lexislación de subvencións (artigo 2.1. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións “a sensu contrario”).

O convenio de que se trata é un convenio de colaboración dos que, con carácter xeral, ao abeiro dos artigos 88.1. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, 5 e 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), en relación cos artigos 111 do Rdl 781/1986, de 2 de abril, 4.2. e 25 do TRLCSF, poden celebrar as Administracións Públicas

con persoas xurídico privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados, no presente caso a protección do medio ambiente.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido.

O convenio proposto non implica gasto ningún para o Concello de Vigo.

É competente para a aprobación do convenio a Xunta de Goberno Local habida conta das competencias que ten atribuídas ao abeiro do establecido no artigo 127.1. da LRBRL en relación co artigo 4.2. e Disposición adicional segunda do TRLCSP.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar a proposta de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade mercantil Vego Supermercados, S.A.U. para o desenvolvemento de actividades de sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, especialmente urbano, ocupación do tempo de lecer e fomento de hábitos de vida saudables en actividade medioambientais conforme aos informes e documentación obrante no expediente número 12120/306 e co texto que de seguido se indica.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE
“VEGO SUPERMERCADOS, S.A.U.”

(GRUPO VEGALSA-EROSKI)

En Vigo, _____ de _____ de dous mil dezaseis.

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo.

E doutra, D. Joaquín González Iglesias, director xeral da entidade mercantil Vego Supermercados, S.A.U. (pertencente ó grupo empresarial VEGALSA-EROSKI), con CIF A-36651313, e domicilio Social en rúa Gambrinus nº11, 15008-La Coruña, na representación desta, segundo resulta da Escritura de Poder realizada ante o Notario de Vigo Don Gerardo García Boente Sánchez, en fecha 29/12/1998, co número 3666 do seu Protocolo.

Tendo, daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

1. O artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo modificacións introducidas por Lei 2/2013, de 27 de decembro, outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano” e, tamén, “ocupación do tempo de lecer”.

A área municipal de Medio Ambiente e Vida Saudable ten atribuído, en virtude da resolución da alcaldía do 19 de xuño de 2015 (BOP 14/07/2015), competencias en materia medioambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente e, tamén, o fomento de hábitos de vida favorables.

Neste sentido, o Concello de Vigo: a través da Concellería de Medio Ambiente ben realizando actividades de sensibilización e educación medioambiental nos últimos anos dentro do programa “camiño a camiño” e outros.

Estas actividades medioambientais tentan achegar a cidadanía á natureza, aos recursos naturais, á flora e fauna existentes na nosa contorna, fomentando hábitos de vida saudables, sustentables, ocupación do tempo de lecer, mediante camiñatas, accións formativas dando a coñecer a natureza de Vigo, a comarca e Galicia enteira, na que participan anualmente un elevado número de veciños e que, en definitiva, pretende fomentar a sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente urbano.

A promoción de boas prácticas cidadás relativas á xestión sustentable dos residuos, a reciclaxe, a eficiencia enerxética e outros que contribúen á utilización responsable dos recursos dispoñibles.

A concellería de Medio Ambiente e Vida Saúdatablee ten en tramitación con número de procedemento 12119/306 un proxecto de actividades de sensibilización medioambiental a desenvolver de outubro a novembro de 2016.

2. Que Vego Supermercados, S.A.U. é unha compañía galega de distribución alimentaria pertencente ó grupo empresarial VEGALSA-EROSKI, con presenza en todo o territorio galego, mediante 240 supermercados, 9 plataformas de distribución e redistribución de mercadorías; frota de camións e unha Escola da Distribución Alimentaria; ten máis do 20% da cota do sector en Galicia, emprega a 4.500 traballadores, sendo a sexta empresa do país pola súa facturación; ten entre os seus valores o respecto ao medio ambiente e o desenvolvemento de políticas de sustentabilidade.

3. Que a compañía, fundada en Vigo por Ventura González Prieto, mantén na rúa Ventura González Prieto (antes rúa Troncal) unha Plataforma de distribución, con Vego Supermercados, S.A.U e outras empresas do grupo. Dispón de 500 traballadores en persoal en Vigo, con vinte tendas, oficinas centrais e unha plataforma loxística.

4. Que entre as súas actuacións desenvolve o proxecto “Desenvolvemento Sustentable. Residuo Cero” que valorou o conxunto de actividades e melloras ambientais posto en marcha pola compañía e do cal se expón o “proxecto Tenda Sustentable”. Desenvolve ademais unha campaña anual de sensibilización ambiental dirixida aos seus clientes e á sociedade galega, centrada nos máis pequenos coa lema “Dálle cor á natureza”. Igualmente realiza unha actuación anual de “Plantación de Árbores” na que implica aos seus traballadores, como compensación do CO2 emitido pola súa frota de camións e o conxunto da súa actividade.

O proxecto “Tenda Sustentable” recolle as propostas e investimentos do Grupo VEGALSA-EROSKI no medio ambiente e sustentabilidade, así como un conxunto de accións concretas de eficiencia enerxética e de plans de xestión de residuos, reciclado, aforro de auga, control de emisións, procesos lóxicos e medio ambiente, etc., a implantar tanto nas tendas das distintas insignias como nos sistemas centrais de xestión da compañía, nas plataformas de distribución e na frota de vehículos.

5. Ámbalas dúas partes pretenden desenvolver accións conxuntas de sensibilización e educación medioambiental cara a protección do medio ambiente.

Ambas as partes consideran a conveniencia de establecer este convenio de colaboración e

ESTIPULAN

PRIMEIRO.- Que a entidade Vego Supermercados, S.A.U. comprométese a colaborar, no que lle fose posible, co Concello de Vigo: Concellería de Medio Ambiente de Vigo e Vida Saudable, no marco dos seus programas de sensibilización e educación ambiental e, en particular, a:

- Colaborar no programa municipal Camiño a Camiño asumindo a contratación e custe das sete rutas por Vigo e Bisbarra, que se realizaran os días 9, 16, 23 e 30 de outubro, 6, 13 e 20 de novembro de 2016; das previstas no proxecto de actividades de sensibilización medioambiental con número de procedemento administrativo 12119/306 e trala súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ata un importe máximo de quince mil (15.000,00) euros máis IVE, en colaboración co Concello de Vigo. Vego Supermercados, S.A.U. contratará e pagará directamente os servizos de monitorizaxe das referidas actividades ata o importe citado, sempre e cando a entidade que realice as citadas actividades se obrigue a realizalas e as realice nos mesmos termos contemplados no proxecto aprobado, emita a correspondente factura en forma, e se encontre habilitada e ó corrente das súas obrigas legais de todo tipo, que eximan ou releven a Vego Supermercados, S.A.U. de calquera responsabilidade derivada daquelas (obrigas tributarias, de persoal, de riscos laborais, seguro de responsabilidade civil, etc.). Noutro caso, ditas actividades substituiránse por outras das contempladas no proxecto que si reúnan ditas características.

- Difundir, a iniciativa do Concello de Vigo, nas tendas de Vego Supermercados, S.A.U en Vigo material promocional e de apoio do programa Camiño a Camiño, o cal lle será proporcionado de forma totalmente gratuíta polo Concello de Vigo ós devanditos efectos.

- Colaborar cos medios que lle fose posible na xestión de residuos e reciclado dos consumidores.

- Calquera outra actuación que ámbalas dúas partes acorden en referencia ao medio ambiente e desenvolvemento sustentable.

SEGUNDO.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Incluír o logotipo e nome (razón social ou denominacións comerciais, segundo proceda) da entidade mercantil nas accións divulgativas das actividades do programa camiño a camiño que desenvolva, incluíndo expresamente a súa referencia en folletos e calquera outra información de difusión pública do programa.

Non se consideran accións divulgativas a información do programa na páxina web do Concello de Vigo.

O Concello de Vigo emitirá o xustificante fiscal que resulte oportuno polo importe obxecto da achega económica pactada na anterior estipulación.

O Concello de Vigo será responsable integramente dos contidos dos devanditos programas e accións divulgativas, toda vez que é o creador destes.

TERCEIRO.- Tódalas accións de difusión do programa “camiño a camiño” e demais campañas de sensibilización ambiental derivadas deste convenio, deberán partir do Concello de Vigo e de conformidade coas súas instrucións, quedando expresamente prohibido á entidade mercantil conveniente realizar as devanditas actividades divulgativas sen expresa autorización do Concello de Vigo.

CUARTO.- O presente convenio terá vixencia de un ano a partir da data da súa sinatura e non poderá prorrogarse.

En todo caso, se á citada data, se encontrase en proceso algunha das accións ou campañas de colaboración derivadas do presente convenio, manteranse os dereitos e obrigas de ambas partes derivados do Convenio ata a finalización desta, conforme ó prazo ou datas de duración establecidas polo Concello de Vigo.

QUINTO. - Para o seguimento e control do cumprimento do convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constituirase unha Comisión de Coordinación da que formen parte dous representante da mercantil Vego Supermercados, S.A.U., a concelleira da Área Medio Ambiente que actuará como presidenta e un técnico municipal deste servizo.

Esta comisión reunirse no prazo de cinco días a contar da petición expresa realizada por calquera das partes, no Concello de Vigo.

SEXTO.- A mercantil Vego Supermercados, S.A.U está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais. Os ditos datos serán

tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo: Concellería de Medio Ambiente.

A referida entidade poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo: Concellería de Medio Ambiente.

O Concello de Vigo recoñece expresamente que a mesma información lle foi facilitada por Vego Supermercados, S.A.U. en relación ós datos de carácter persoal contidos no presente documento, que serán asimesmo incorporados ós ficheiros correspondentes daquela e tratados ós fins derivados do Convenio, podendo exercitar o Concello de Vigo os dereitos de acceso, rectificación oposición e cancelación ante a entidade Vego Supermercados, S.A.U. no seu domicilio social.

SÉPTIMO.- O presente convenio ten natureza administrativa, non se considera un contrato administrativo ó abeiro do establecido no artigo 4.1.d) do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, rexerese pola súa normativa específica, aplicándose os principios da lei de contratos para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, polos pactos que se conteñen neste convenio, as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. No suposto de diverxencias na interpretación e execución deste, será a orde xurisdiccional contencioso-administrativa a competente para a súa resolución.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan este convenio por duplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data indicada no seu encabezamento.

4(930).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MOBILIARIO DA NOVA AULA DA UNED EN VIGO. EXPTE. 19862/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 4/10/16, dáse conta do informe-proposta asinado pola secretaria da Mesa de Contratación con data 4/10/16, que di o seguinte:

A Mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 4 de outubro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

1.- Proposta de adxudicación

a) *Procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario da nova aula da UNED en Vigo (19862-240)*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)*

- *Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)*
- *Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario da nova aula da UNED en Vigo (19862-240)*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 29 de setembro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a única proposición presentada e admitida neste procedemento na seguinte orde decrecente:

<i>Licitador</i>	<i>Puntos totais</i>
<i>EKIPO, SOCIEDAD SUMINISTRADORA DE MOBILIARIO, SL</i>	<i>91</i>

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, EKIPO SOCIEDAD SUMINISTRADORA DE MOBILIARIO, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 858,30 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, EKIPO, SOCIEDAD SUMINISTRADORA DE MOBILIARIO, SL, o día 29 de setembro de 2016, que presenta a documentación requirida o 3 de outubro, dentro do prazo legalmente previsto.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 4 de outubro de 2016 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que se acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que conteña a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EKIPO, SOCIEDAD SUMINISTRADORA DE MOBILIARIO, SL, de acordo cos informes de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor e da proposición avaliable mediante fórmula do 16 e 23 de setembro de 2016, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a EKIPO, SOCIEDAD SUMINISTRADORA DE MOBILIARIO, SL, o procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario da nova aula da UNED en Vigo (expediente 19.862-240) coas seguintes condicións:

- O prezo total do contrato é de 173.968,48 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 30.192,88 euros.*
- Comprométese a achegar as seguintes melloras:
 - Subministro e instalación de 12 unidades de monitores táctiles 22" para utilizar con encerado on line*
 - Subministro e instalación de 12 unidades de PC Intel i5, i7 Rtam e HDD 50 g (PC última xeración)**
- O prazo de garantía increméntase en 60 meses (un total de 84 meses).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(931).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO REFORMA DE GRADA DE RÍO DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS. EXPTE. 4051/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 23/09/16, e o informe de fiscalización do 4/10/16, dáse conta do informe-proposta do 4/10/16, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o técnico de Admón. Xeral e xefe da Unidade Administrativa de Alcaldía, o concelleiro delegado da Área de Fomento e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- Antecedentes.

1.- En data 12.08.2016 a Xunta de Goberno Local, no expediente núm. 3905/440, acordou aprobar o proxecto de obras de reforma da Grada de Río do Estadio municipal de Balaídos, de data xullo de 2016, redactado polos técnicos municipais, D. Aurelio Adán Fernández, Enxeñeiro da Edificación, e D. Jerónimo Centrón Castaños, Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEIS MILLÓNS SETECENTOS SETENTA E SETE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS (6.777.293,55).

2.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento, con data 26 de agosto de 2016, resolveu iniciar os tramites administrativos para a contratación das ditas obras; actuacións que integran o presente expediente administrativo de contratación e se detallan de seguido.

2.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o devandito expediente número 3905/440, correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola XGL en sesión do 12/08/2016, de cuxa execución se trata. No dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

No expediente de contratación consta a documentación que segue:

a) Informe xustificativo da natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse co contrato e da idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, asinado polo Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos e o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario de data 25.08.2016.

b) Acta de replanteo do proxecto de obras aprobado, asinada polo Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos municipal con data 2.09.2016.

c) Resolución de Inicio do expediente de contratación, asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento en data 08.09.2016.

d) Proposta de melloras, relacionadas co obxecto do contrato, a incluír no PCAP do mesmo, identificadas, detalladas e avaliadas, formulada polos técnicos municipais D. Jerónimo Centrón Castaños, Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos e D. Aurelio Adán Fernández, Enxeñeiro da Edificación.

e) Memoria descriptiva do proxecto a executar e xustificativa do procedemento de adxudicación; do prezo do contrato; do seu financiamento e do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira a que se refire o artigo 7.3 da LO 2/2012, de 7 de abril; dos criterios de valoración para a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa e demais aspectos necesarios para a elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares.

f) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, de data 09.09.2016.

g) Pregoe de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación Beatriz Barbará Rodríguez, de data 22 de setembro de 2016

f) Informe favorable da Asesoría Xurídica, de data 23 de setembro de 2016.

II.- Fundamentos técnicos e xurídicos.

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 109.1 TRLCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Área. No presente caso, non obstante tratarse da execución dun proxecto de obras nunha instalación deportiva, pertencente á área de Deportes, como é o estadio municipal de Balaídos, a iniciación do expediente de contratación polo concelleiro delegado da Área de Fomento, o é en virtude da delegación especial de competencias da Xunta de Goberno Local de data 22 de xullo de 2015.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polo artigo 121 TRLCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato, esixidos polo artigo 109 do mesmo texto.

Terceiro.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

Quinto.- No expediente xustifícase o procedemento elexido para a contratación —regulación harmonizada por razón da súa contía, polo que deberá publicarse no Diario Oficial da Unión Europea (Artigo 109.4 TRLCSP)—, así como os criterios que se terán en conta para a adxudicación do contrato; criterios que se refiren ás características do obxecto do contrato e nos que se dá preponderancia a aqueles que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través de fórmulas matemáticas establecidas no PCAP reitor do contrato.

Sexto.- A Asesoría Xurídica, con data 22/09/2016, emitiu o informe esixido pola D.A. Segunda, apartado 7 TRLCSP, en sentido favorable, sen prexuízo da fiscalización que do mesmo corresponda facer a Intervención Xeral.

Sétimo.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP), unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiación das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de execución de OBRAS DE REFORMA DA GRADA DE RÍO DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIOS, redactado polo Enxeñeiro da Edificación D. Aurelio Adán Fernández e o Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos D. Jerónimo Centrón Castaños, de xullo de 2016.

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación Beatriz Barbará Rodríguez, de data 22 de setembro de 2016.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de SEIS MILLÓNS SETECENTOS SETENTA E SETE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS (6.777.293,55), sendo o importe correspondente ao IVE de 1.176.224,50€.

Trátase dunha obra de carácter plurianual. Para a súa financiación, aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 9330.632.00.10 do orzamento municipal, coa seguinte distribución por anualidades:

2016: 2.900.000,00 €

2017: 3.877.293,55 €

En relación ao proceso de adxudicación debe indicarse que de producirse baixa no prezo de adxudicación, a contía da baixa será de aplicación no importe que corresponda na anualidade do ano 2017.

Cuarto: Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 133,70%.

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás doce horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Isaura Abelairas Rodríguez.